



DATOS IDENTIFICATIVOS

Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade

Materia	Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade			
Código	O05M138V01201			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Barreiros de la Torre, Delmiro			
Profesorado	Barreiros de la Torre, Delmiro García Álvarez, Judit Torrecillas Hernández, Virginia			
Correo-e	dbarreiros@uvigo.es			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php			
Descrición xeral	<p>A pesar do recoñecemento da calidade de vida como un dereito dos cidadáns na sociedade actual, non todo o mundo ten igualdade de acceso a este dereito, concretamente as persoas con discapacidade, estas atópanse con problemas de acceso ao benestar, a vida saúdable, ao ocio activo e ao desenvolvemento persoal e social; problemas ás veces reais, pero que en algunhas ocasións son problemas derivados da falta a de concienciación social. Ambos tipos de problemas constitúen verdadeiras barreiras para que as persoas con discapacidade disfruten dunha vida plena, física, psíquica e social. E polo que esta situación debe abordarse desde un prisma múltiple, que evalúen os diferentes axentes que interveñen, que detecten as necesidades individuais e que permita realizar propostas de mellora neste senso.</p> <p>Esta materia, ubicada no bloque Necesidades Educativas Especiales aborda a calidade de vida das persoas con discapacidade desde as seguintes perspectivas:</p> <p>a. Perspectiva psicosocial en canto a redución de estereotipos en familias e sociedade.</p> <p>b. Actividade física e práctica deportiva saúdable a través do ocio activo.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de describir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade
C9	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
C12	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Deseñar e implementar un programa de intervención para a redución de estereotipos fronte á discapacidade	C1 C2
Deseñar un programa de concienciación social a favor do deporte das persoas con discapacidade	C2 C13
Adaptar xogos e deportes en función da discapacidade	C7 C12
Avaliar a accesibilidade das instalacións para as persoas de mobilidade reducida.	C9 C12

Contidos

Tema	
1. Calidade de vida e discapacidade: unha perspectiva psico-social	1.1. Estereotipos como compoñentes dos prexuízos 1.2. Identidade social e discapacidade. 1.3. Técnicas para a redución de prexuízos fronte á situación de discapacidade. 1.4. Prácticas de autodefensa para persoas con discapacidade para dirixir e controlar as súas condicións e calidade de vida.
2. O deporte como factor de calidade de vida das persoas con discapacidade	2.1. Aproximación conceptual o deporte adaptado: Contribución do deporte adaptado o desenvolvemento persoal e inclusión social. 2.2. Diferentes modelos deportivos para as persoas con discapacidade: deporte paralímpico e deporte para todos. 2.3. Bases dunha proposta deportiva para as persoas con discapacidade: Adaptación, sensibilización e eliminación de barreiras. 2.4. Actividades terapéuticas con animais
3. Terapia asistida con animais	3.1. Beneficios das actividades e da terapia asistida por animais 3.2. Áreas de intervención das Terapias Asistidas con Animais 3.3. Pautas para a intervención en terapia asistida con animais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	9	21.5	30.5
Traballo tutelado	12	36	48
Seminario	4	0	4
Saídas de estudo	5	0	5
Traballo tutelado	0	21	21
Eventos científicos	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos fundamentais da materia coa axuda das tecnoloxías axeitadas e demandando participación do alumnado.
Traballo tutelado	Actividades de aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións prácticas relacionadas coa calidade de vida: concienciación social, adaptación de recursos, aplicación de técnicas.
Seminario	As horas de titoría en grupo dedicarase a expor e resolver todas as dúbidas que os alumnos atopan, tanto nos traballos de aula como nos traballos autónomos
Saídas de estudo	Saídas a institucións especializadas nalgún dos contidos da materia. De non poder realizarse, organizaríase unha actividade complementaria na aula
Traballo tutelado	Realización de traballos, proxectos ou actividades realizadas de forma autónoma, baixo o asesoramento dos docentes.
Eventos científicos	Este apartado refírese a aquelas actividades organizadas de xeito común para todo o modulo: conferencias, debates, visitas...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Traballos de aula As actividades desenvolvidas na aula serán obxecto de atención personalizada, sempre que o alumno o requira. Nas titorías prestarase atención personalizada a todos os alumnos que o necesiten. Tanto as actividades de aula como as de carácter autónomo poderán ser obxecto de atención personalizada
Seminario	Titoría en grupo As actividades desenvolvidas na aula serán obxecto de atención personalizada, sempre que o alumno o requira. Nas titorías prestarase atención personalizada a todos os alumnos que o necesiten. Tanto as actividades de aula como as de carácter autónomo poderán ser obxecto de atención personalizada

Traballo tutelado Traballo tutelado As actividades desenvolvidas na aula serán obxecto de atención personalizada, sempre que o alumno o requira. Nas titorías prestarase atención personalizada a todos os alumnos que o necesiten. Tanto as actividades de aula como as de carácter autónomo poderán ser obxecto de atención personalizada

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Aplicación dos contidos teóricos a situacións prácticas relacionadas coa calidade de vida das persoas con discapacidade, xa sean situacións reais ou simuladas.	40	
Saídas de estudo	Participación na saída de estudo e posterior reflexión.	10	
Traballo tutelado	Valoración das actividades realizadas de forma autónoma	30	
Eventos científicos	Participación en actividades de módulo: conferencias, mesas redondas e visitas a centros ou institucións.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na primeira convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións nas probas/actividades superadas. O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/as proba/as de avaliación ao redor dos contidos nucleares da materia coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta. Asimesmo o tipo de probas figurarán en faitic nas respectivas materias nunha carpeta baixo a denominación **Alumnado non asistente**, na que se presentarán os detalles da mesma, concretando tamén onde terá que reallizar a entrega o estudantado. As datas dos exames oficiais poden consultarse na web do mestrado: <http://www.masterdiversidade.com/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ríos Hernández et al., **El juego y los alumnos con discapacidade**, Paidotribo, 1998

VV. AA., **Carta Europea del Deporte para Todos: persoas con discapacidade**, Ministerio de Asuntos sociais, 1988

Schalock, Robert L., **Calidad de vida. Manual para profesionales de la educación, salud y servicios comunitarios**, Alianza D. L., 2003

Verdugo Alonso, M. A. y Aguado Díaz, A. L., **Personas con discapacidade. Perspectivas psicopedagógicas y rehabilitadoras**, Siglo XXI, 1998

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

E moi importante que os alumnos/as asistan a presentación da materia, na que se expoñen as liñas a seguir o longo da mesma, tanto sobre os contidos teóricos como sobre as actividades prácticas a realizar, criterios de avaliación e bibliografía recomendada.